



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00003

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día tres de febreiro de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Jessica Sabín Fernández.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- EXPEDIENTES DE URBANISMO

A.- Licenza de parcelación.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“.- Expte. de parcelación 06/2021.- MARIA DEL CARMEN CASTRO LÓPEZ (representada por Oscar Gómez Margareto).- Para licenza de parcelación urbanística de finca cúa referencia catastral correspóndese co número 15088A502011950000GU, sita no [REDACTED] en solo clasificado e cualificado como , **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA (1.525 m²) e SOLO NON URBANIZABLE (COMÚN) (2.182 m²) ,nunha superficie total de 3.707 m².**

Procédese a segregar a finca orixinal unha porción de terreo de maneira que se obteñen as seguintes:

* Finca Resultante A: superficie 3.115 m², dos cales 933 m² están en núcleo rural(sup. neta parcela: 933 m²) y 2.182 m² en solo rústico.

* Finca Resultante D: superficie: 592 m², (sup. neta parcela: 589 m²). Non contén edificacións.

E de acordo coa documentación técnica achegada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Oscar Gómerz Margareto de data 10 de xuño de dous mil vinte e un.

Visto o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 31 de xaneiro de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación urbanística nas condicións que figuran no informe do arquitecto municipal de data 31 de xaneiro de 2022 do que se adxuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Oscar Gómez Margareto.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 248,46 €..

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 1 de febreiro de 2022
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcadía que antecede.

B.- Prórroga de licenza para vivenda unifamiliar.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte. de obra 07/2019.- FERNANDO PÉREZ FERNÁNDEZ- Para prórroga de licenza de vivenda unifamiliar, [REDACTED] parroquia de Valdoviño.

Visto a concesión da licenza en data 25 de abril de dous mil dezanove, concedéuselle un prazo por 36 meses. En data 22 de decembro de dous mil vinte e un, solicita o promotor prórroga da licenza de obras outorgada.

Visto que a día de hoxe non han variado as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras outorgada.

Xirada visita en data 1 de febreiro de dous mil vinte e dous, compróbanse que as obras estanse a executar.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 1 de febreiro de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de prórroga de licenza de vivenda unifamiliar, sita en [REDACTED] parroquia de Valdoviño. licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 48,08 €..

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 2 de febreiro de 2022

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da prórroga da licenza de vivenda unifamiliar.

PARTE ACTIVIDADE

2º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e dezaioito minutos do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/